

Temario básico de referencia

Escala Superior de Orientación Laboral

Parte específica | Tema 36

A avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou as vías non formais de formación.

Normativa reguladora. Natureza e características. Información e orientación. Fases do procedemento. Efectos das acreditacións obtidas. Organización do procedemento. Funcións e requisitos das persoas que participen no procedemento como asesoras e como avaliadoras.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.

Índice

| | |
|-----|---|
| 1 | A avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou as vías non formais de formación. Normativa reguladora 4 |
| 1.1 | Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional..... 4 |
| 1.2 | Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional..... 7 |
| 2 | Natureza e características 7 |
| 3 | Información e orientación 10 |
| 3.1 | Cometido da orientación profesional..... 11 |
| 3.2 | Contido e momentos da orientación profesional12 |
| 3.3 | Axentes provedores de orientación profesional13 |
| 3.4 | Estruturas e protocolos de actuación.....13 |
| 3.5 | Individualización da prestación de orientación profesional..... 14 |
| 3.6 | Estratexia de orientación..... 14 |
| 3.7 | Seguimento e avaliación do servizo de orientación profesional.....15 |
| 4 | Fases do procedemento. Efectos das acreditacións obtidas 16 |
| 4.1 | Fases previas á instrución do procedemento..... 16 |
| 4.2 | Fases da instrución do procedemento 16 |
| 4.3 | Efectos das acreditacións obtidas..... 18 |
| 5 | Organización do procedemento 18 |
| 6 | Funcións e requisitos das persoas que participen no procedemento como asesoras e como avaliadoras21 |



1 A avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou as vías non formais de formación. Normativa reguladora

1.1 Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional

A avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou as vías non formais de formación aparece na actualidade regulada no Título VI da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (en diante, LOFP).

Segundo o preámbulo da LOFP, o sistema, tal e como se viña desenvolvendo previamente, non alcanzara os obxectivos previstos, non sendo suficiente o número de persoas que, desde o ano 2009, fixeran uso do procedemento. Concretamente un número aproximado de 300.000 cidadáns e cidadás en máis de 10 anos fronte aos máis de 11 millóns de potenciais persoas usuarias. Iso motivou que se introduciran na LOFP elementos de flexibilidade en varias ordes, co fin de facer accesible este procedemento á cidadanía e que sexa entendido como un dereito permanente que abre oportunidades de mellora nos ámbitos formativo e laboral. De aí a modificación do Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, modificado polo Real Decreto 143/2021, de 9 de marzo. Esta regulación básica permitirá unha maior flexibilización do procedemento.

Así pois, este deixa de depender de convocatorias das administracións para converterse nun procedemento aberto de maneira permanente e referido constantemente a calquera competencia, sexa cal for o ámbito profesional en que a persoa mantivese a súa experiencia profesional.

Dentro da LOFP establécese a seguinte regulación a este respecto.

I. Obxecto e finalidade (artigo 90 da LOFP).

As competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais poderán ser identificadas, avaliadas e acreditadas oficialmente polo procedemento regulado neste título. A acreditación que se obteña por este procedemento facilitará itinerarios formativos conducentes a unha maior cualificación.

A acreditación das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais, terá como referente o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

II. Persoas interesadas no procedemento, outros suxeitos e deberes das administracións (artigo 91 da LOFP).

O procedemento previsto no artigo anterior terá como destinataria a poboación activa con experiencia laboral e sen acreditación, certificado ou título profesionalizante de todas ou parte das súas competencias profesionais, para que valde ditas competencias profesionais adquiridas no desempeño laboral, así como aquelas cuxa vía de adquisición fose a educación non formal.

Promoverase a implicación directa das empresas ou organismos equiparados como destinatarias do procedemento, de maneira que a participación das persoas traballadoras sexa facilitada e xestionada conxuntamente entre as administracións, os axentes sociais e as empresas e organismos.

As administracións públicas deberán:

- Garantir a difusión do procedemento e facilitar ás persoas interesadas información e orientación sobre os seus dereitos, as acreditacións oficiais que poden obter e os efectos das mesmas.
- Proporcionar instrumentos de apoio áxiles e sinxelos que axuden a establecer a metodoloxía de avaliación e recoñecemento das competencias profesionais.
- Adoptar, conxuntamente coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas concernidas en cada territorio, as medidas adecuadas para asegurar o efectivo acceso ao procedemento considerando as necesidades tanto de empresas ou organismos equiparados e sectores profesionais e produtivos, como as de colectivos con especiais dificultades de inserción ou integración laboral.
- Garantir a calquera persoa inscrita en procura de emprego e cumprindo os requisitos para acceder a este procedemento, a súa participación no mesmo como elemento previo a calquera formación complementaria.
- Garantir que calquera persoa ocupada e realizando calquera acción de formación profesional participe simultaneamente no procedemento, garantindo así o mantemento actualizado e acreditado das súas competencias profesionais.
- Elaborar plans estratéxicos para promover a acreditación de competencias profesionais a gran escala entre a súa poboación activa.

As organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como outros axentes implicados deberán promover entre persoas traballadoras e empresas ou organismos equiparados o valor engadido de acreditar as competencias de todos os traballadores, así como colaborar na súa difusión, seguimento e avaliación.

III. Características do procedemento (artigo 92 da LOFP).

A acreditación das competencias profesionais constitúe un procedemento administrativo aberto de forma permanente respecto de calquera estándar de competencia profesional incluído no Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

O procedemento de acreditación de competencias profesionais a que se refire o apartado anterior:

- Rexerase polos principios de simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e eficiencia e adecuación dos medios aos fins institucionais.
- Terá como acreditación mínima un estándar de competencia profesional e tomaranse como referentes os elementos de competencia e os seus indicadores de calidade.
- As administracións competentes incoarán o procedemento que terá un prazo de resolución de 6 meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro correspondente. O silencio terá efectos negativos.
- Terá por obxecto a comprobación, para a súa acreditación no seu caso, da adquisición efectiva e co requirido nivel de calidade, da competencia profesional invocada, avaliada en relación ao estándar mínimo establecido para a dita competencia no Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.
- Facilitará unha proposta de itinerario formativo que complete a formación conducente á obtención dun Certificado ou un Título de Formación Profesional.

IV. Efectos (artigo 93).

O recoñecemento dos estándares de competencias profesionais avaliados conforme ao procedemento de acreditación de competencias terá carácter acumulable e dará lugar, unha vez inscrito no Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral ou Vías Non Formais e Informais, á expedición do documento acreditativo correspondente e, no seu caso, os Certificados ou Títulos equivalentes no Catálogo de Oferta de Formación Profesional.

Así mesmo, o procedemento sempre facilitará unha proposta de itinerario formativo que complete a formación conducente á obtención dun certificado ou un título.

A acreditación dun estándar de competencia adquirido por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais terá a condición de acreditación parcial

acumulable, a efectos, no seu caso, de acreditar e de completar a formación conducente á obtención do correspondente título ou certificado profesional.

Os estándares de competencias profesionais adquiridos por esta vía pasarán a sumarse aos adquiridos por vías formais de formación profesional, e constarán no Informe Formativo-Profesional de cada persoa que poderá obterse no Rexistro Estatal de Formación Profesional.

1.2 Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional

Para completar este novo marco regulamentario, publicouse o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (en diante RDSFP), que dedica o seu Título VI a regular o procedemento de acreditación de competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías non formais e informais, con contidos que se detallan a continuación en maior profundidade neste tema.

Este mesmo Real Decreto, na súa disposición derogatoria única, apartado 4, derroga expresamente o Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia profesional.

2 Natureza e características

O procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais constitúe un procedemento administrativo aberto de forma permanente, que terá como referente o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais, sen que se requira convocatoria respecto diso.

Serán obxecto de acreditación de competencias profesionais todas aquelas recollidas no Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais, a excepción das vinculadas a formacións e profesións reguladas (artigo 175 do RDSFP).

As acreditacións que se obteñan por este procedemento poderán ser utilizadas, no marco do Sistema de Formación Profesional, para continuar itinerarios formativos conducentes a unha maior cualificación, así como para acreditar no mercado laboral as habilidades e competencias profesionais de que se dispón (artigo 176 do RDSFP).

O procedemento de acreditación de competencias profesionais previsto neste título terá como destinatarios (artigo 177.1 do RDSFP):

- A poboación activa con experiencia laboral e sen acreditación, certificado ou título profesionalizante de todas ou parte das súas competencias profesionais, para que valide as ditas competencias profesionais adquiridas no desempeño



laboral, así como aquelas cuxa vía de adquisición fose a educación non formal, informal ou outras.

- As empresas ou organismos equiparados, que deberán promover o mantemento actualizado da acreditación das competencias profesionais dos seus traballadores e traballadoras, coa colaboración, no seu caso, da representación legal das persoas traballadoras.

As persoas que desexen participar no procedemento deberán cumprir os seguintes requisitos (artigo 177.2 do RDSFP):

- Posuír a nacionalidade española, obter o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria ou a tarxeta de familiar de cidadán ou cidadá da Unión, ou ser titular dunha autorización de residencia ou de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración. Excepcionalmente, poderán iniciarse procedementos específicos para colectivos que non cumpran este requisito, sempre que estea vinculado a acordos internacionais ou a plans estratéxicos para a cobertura das necesidades profesionais de determinados sectores produtivos.
- Ter 18 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición, cando se trate de estándares de competencia de nivel 1 e 20 anos para os niveis 2 e 3.
- Ter experiencia laboral, formación relacionada, e/ou desenvolver labores de voluntariado coas competencias profesionais que se queren acreditar:
 - **No caso de experiencia laboral:** xustificar, polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 15 anos transcorridos antes da presentación da solicitude. Para os estándares de competencia de nivel 1, requiriranse 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.000 horas traballadas en total.
 - **No caso de formación:** xustificar, polo menos 300 horas, nos últimos dez anos transcorridos antes da presentación da solicitude. Para os estándares de competencia de nivel 1, requiriranse polo menos 200 horas. Nos casos nos que os módulos profesionais asociados ao estándar ou estándares de competencia que se pretende acreditar contemplan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nos devanditos módulos.
 - **No caso do voluntariado:** xustificar, polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas dedicadas total, nos últimos 15 anos transcorridos antes da presentación da solicitude. Para os estándares de competencia de nivel 1, requiriranse 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.000 horas traballadas en total.

- Nos casos en que os estándares de competencia profesional que se van a valorar contén, pola súa natureza, con requisitos adicionais, posuír documento xustificativo de cumprir cos devanditos requisitos.

A xustificación da experiencia laboral á que se refire o apartado anterior farase cos seguintes documentos (artigo 177.3 do RDSFP):

- **Para traballadores ou traballadoras asalariados.**
 - Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estivesen afiliadas, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación, e
 - Contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirisen a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou dita actividade.
- **Para traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia.**
 - Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente, e
 - Descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo no que se realizou a mesma.
- **Para bolseiros.**

Certificación da persoa responsable na organización onde se prestou a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas ás mesmas.
- **Para persoas voluntarias.**

Certificación expedida pola entidade de voluntariado na que se prestaron os servizos voluntarios na que consten, como mínimo, ademais dos datos persoais e identificativos da persoa voluntaria e a entidade de voluntariado, a data de incorporación á entidade e a duración, descrición das tarefas realizadas ou funcións asumidas e o lugar onde se levou a cabo a actividade.

As administracións competentes promoverán o establecemento dun sistema de comunicación electrónica coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a transmisión destes datos, de tal forma que os accesos á información se realizarán a través dos servizos de intercambio de información que a Tesouraría Xeral da

Seguridade Social pon a disposición de todas as administracións públicas e organismos públicos (artigo 177.4 do RDSFP).

A xustificación da formación á que se refire o apartado 2 farase cun documento que acredite que a persoa aspirante posúe formación relacionada cos estándares de competencia que se pretendan acreditar, no que consten o programa detallado dos contidos e as horas de formación (artigo 177.5 do RDSFP).

As persoas maiores de 25 anos que reúnan os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados no apartado anterior, e que non poidan xustificalos de xeito documental segundo establécese no apartado 3 deste artigo, poderán solicitar a súa inscrición provisional no procedemento. Presentarán a xustificación mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou aprendizaxes non formais de formación. Nestes casos, a persoa asesora e avaliadora asignada ou, no seu caso, a comisión de avaliación, determinará a procedencia ou non da participación da persoa aspirante no procedemento. En caso favorable, procederase á inscrición definitiva (artigo 177.6 do RDSFP).

3 Información e orientación

As administracións competentes garantirán un servizo aberto e permanente de información e orientación previo e durante o proceso de acreditación de competencias profesionais, con persoal especializado en orientación profesional, que terá **carácter voluntario** para as persoas interesadas na acreditación das súas competencias profesionais (artigo 181.1).

A información e orientación sobre o procedemento poderá realizarse por administracións autonómicas e locais, axentes sociais e económicos, e organizacións e entidades públicas e privadas. En todo caso, a información e orientación sobre o procedemento será obrigatoria, polo menos, en todos os centros do Sistema de Formación Profesional e os centros de educación para persoas adultas (artigo 181.2).

A Administración laboral deberá facilitar información e orientación, no marco dos seus protocolos, a calquera persoa inscrita en procura de emprego e que cumpra os requisitos para acceder a este procedemento, para a súa participación no mesmo (artigo 181.3).

Así mesmo, as administracións locais poderán participar en iniciativas que garantan información sobre o procedemento a toda a cidadanía susceptible de beneficiarse del (artigo 181.4).

A orientación deberá incluír, polo menos (artigo 181.5):

- Información accesible sobre a natureza e as fases do procedemento.
- O acceso ao mesmo.



- As acreditacións oficiais que poden obter e os efectos das mesmas.
- Cando sexa preciso, o acompañamento necesario durante o desenvolvemento do procedemento para axudar ao solicitante a unha mellor comprensión de cada fase e superala con éxito.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional e as administracións competentes porán a disposición de todas as entidades que proporcionen servizos de información e orientación, os instrumentos e recursos de apoio, así como as guías de evidencia, que faciliten que as persoas participantes identifiquen a súa competencia profesional, entre os que constarán, polo menos, unha guía para as persoas candidatas e para as figuras de asesor/a e avaliador/a, cuestionarios de autoavaliación dos estándares de competencia, e guías de evidencia dos estándares como apoio técnico para realizar o proceso de avaliación (artigo 181.6).

O Ministerio de Educación e Formación Profesional garantirá a existencia dunha plataforma de información e orientación relativa ao procedemento de acreditación, ás convocatorias e ás ofertas de formación. Así mesmo, incluíranse as ferramentas necesarias para facilitar a autoavaliación e a elección de itinerarios formativos (artigo 181.7).

As administracións competentes garantirán a formación e actualización dos e das profesionais que desenvolvan este servizo de orientación e acompañamento que corresponda para o desenvolvemento das súas funcións (artigo 181.8).

3.1 Cometido da orientación profesional

A orientación profesional do Sistema de Formación Profesional terá por labor (artigo 189 do RDSFP):

- O desenvolvemento persoal e profesional das persoas, con independencia da súa idade, sexo, procedencia, situación persoal ou laboral, nivel socioeconómico ou cultural, capacidades diferentes, discapacidade e necesidades educativas especiais, que lle permita a configuración de itinerarios formativos flexibles conforme ás ofertas recollidas no Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional e a súa conexión con outras ofertas de educación superior.
- A mellora da formación profesional e da súa relación co mercado laboral, así como da produtividade das empresas mediante a formación.
- O ofrecemento de información, de maneira proactiva, a persoas, empresas e organizacións sobre as vantaxes da acreditación de competencias e a cualificación e recualificación permanentes, conforme ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

3.2 Contido e momentos da orientación profesional

A orientación profesional do Sistema de Formación Profesional inclúe (artigo 190.1 do RDSFP):

- A información e o asesoramento individualizados sobre as ofertas de formación profesional que, axustadas ao perfil correspondente e ás oportunidades de emprego, permitan a cualificación e recualificación desde a motivación e a identificación clara dos propios obxectivos persoais.
- A información sobre os perfís das ocupacións, as tendencias na evolución do mercado de traballo, as posibilidades de acceso ao emprego e as oportunidades de formación relacionadas con elas, con obxecto de facilitar a inserción e reinserción laboral, a mellora no emprego e a mobilidade laboral.
- A adquisición de habilidades e competencias básicas e transversais para o desenvolvemento persoal e social, a toma de decisións, o emprendemento, o trazado de itinerarios formativos e profesionais conducentes a novas aprendizaxes e oportunidades profesionais, e para a madurez profesional.
- A ampliación das expectativas cara a familias profesionais STEM das mozas, así como dos mozos cara a familias profesionais feminizadas.
- O acompañamento nos procesos de acreditación das competencias profesionais, nos termos establecidos en Capítulo III do Título VI desta norma.
- A difusión das oportunidades ofrecidas polo Sistema de Formación Profesional para o desenvolvemento de empresas e entidades.

No caso de centros do sistema educativo, as administracións promoverán a incorporación de elementos de descubrimento profesional desde a etapa da educación primaria, e a realización de proxectos interetapas que promovan o coñecemento da formación profesional (artigo 190.2).

O servizo de orientación profesional deberá despregarse de maneira previa, durante e posterior a (artigo 190.3 do RDSFP):

- O desenvolvemento das ofertas formativas.
- A participación no procedemento de acreditación de competencias profesionais, nos termos recollidos no artigo 182 desta disposición.

A regulación aquí recollida deberá entender sen prexuízo da establecida na normativa laboral (artigo 190.4).

3.3 Axentes provedores de orientación profesional

O servizo de orientación profesional estará presente nos centros do Sistema de Formación Profesional (artigo 191.1).

As administracións competentes deberán garantir a formación e coñecemento do profesorado especialista en orientación sobre o Sistema de Formación Profesional, así como dos profesionais de orientación profesional que asuman esta competencia (artigo 191.2).

Ademais dos centros do Sistema de Formación Profesional, as administracións locais, os axentes sociais e as entidades e organizacións vinculadas ao tecido social poderán prestar servizos de orientación profesional no marco do Sistema de Formación Profesional, así como acollerse ás iniciativas, recursos, instrumentos e/ou financiamento previstos ao efecto polo Sistema de Formación Profesional (artigo 191.3).

3.4 Estruturas e protocolos de actuación

As administracións autonómicas definirán, no ámbito das súas competencias, as estruturas, servizos e recursos nos centros do Sistema de Formación Profesional para garantir a prestación de orientación profesional en calquera centro do sistema e a posta en marcha dos protocolos de actuación e modalidades de prestación definidos na Lei Orgánica 3/2022 (artigo 192.1).

O protocolo a que se refire o apartado anterior deberá incluír (artigo 192.2):

- A información actualizada das ofertas de formación profesional no Sistema de Formación Profesional.
- O acceso a ferramentas dixitais cos datos de inserción laboral e prospección da evolución das necesidades de emprego.
- Os itinerarios e as súas saídas académicas, formativas e profesionais.
- O acompañamento para o emprendemento e a innovación.
- O desenvolvemento de competencias ou habilidades para a xestión da carreira, polas que persoas e colectivos poidan adquirir os instrumentos necesarios para desenvolverse nun mercado formativo e profesional progresivamente complexo.

As administracións promoverán, no ámbito das súas competencias, a cooperación e coordinación para a prestación do servizo de orientación profesional do Sistema de Formación Profesional, con outras administracións que tamén presten servizos de orientación profesional e asesoramento, facilitando os acordos en termos de protocolos e actuacións comúns (artigo 192.3).

O Ministerio de Educación e Formación Profesional e as administracións competentes, porán a disposición dos e das profesionais os recursos que lles permitan contar con información actualizada e de calidade (artigo 192.4).

3.5 Individualización da prestación de orientación profesional

Aos efectos do apoio integral a todas as persoas nas súas carreiras formativas e profesionais e na identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional no Sistema de Formación Profesional, a orientación profesional en cada centro (artigo 193.1):

- Poderase realizar de forma presencial, en liña ou en combinación con plataformas dixitais.
- Deberá dispor dun protocolo adaptable aos distintos tipos de persoas usuarias.
- Contará cos perfís profesionais especializados.

No caso de persoas con especiais dificultades de aprendizaxe ou de inserción social e laboral, as administracións determinarán as medidas necesarias para intensificar a orientación profesional durante a súa formación, mediante o establecemento de titorías de grupo e titorías individualizadas ou outras accións.

Así mesmo, prestarase especial atención e tempos específicos durante a súa formación ás aprendizaxes que melloren o autocoñecemento, permitindo unha toma de decisións axustada ás capacidades e intereses, así como o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender e as habilidades para a xestión da traxectoria formativa e profesional ao longo da vida, con especial atención no caso dos centros do Sistema de Formación Profesional considerados de segunda oportunidade. Neste caso, estes centros poderán realizar propostas de organizacións curriculares diferenciadas, dando especial peso ao elemento da orientación e o acompañamento personalizado para axudar aos interesados a superar os obstáculos que lles impidan alcanzar as súas expectativas con arranxo ás súas capacidades e intereses (artigo 193.2).

3.6 Estratexia de orientación

Conforme ao establecido no artigo 194 do RDSFP, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, elaborará a Estratexia Xeral de orientación profesional do Sistema de Formación Profesional á que fai referencia o artigo 97 da LOFP, en colaboración coas administracións competentes. Para ese efecto, constituirase un comité técnico de orientación profesional, dependente dos órganos sectoriais de cooperación territorial en materia de formación profesional dependentes do Ministerio de Educación e Formación Profesional, con participación das unidades técnicas nesta materia das administracións competentes.

A estratexia de orientación definirá (artigo 194.2):

- Os principios reitores do modelo de orientación a desenvolver no Sistema de Formación Profesional.
- A proposta de instrumentos e recursos para o desenvolvemento da orientación ao longo da vida.
- Así como os indicadores de calidade para a avaliación da orientación profesional.

No contexto de desenvolvemento da estratexia xeral de orientación profesional, o Ministerio de Educación e Formación Profesional e as administracións competentes (artigo 194.3):

- Promoverán medidas de colaboración e coordinación con outros servizos e recursos de orientación dependentes doutras administracións, da Administración local, dos interlocutores sociais e de calquera outro organismo ou entidade que preste servizos de orientación profesional. Terá especial consideración, a efectos de colaboración e deseño de plans conxuntos para a complementariedade do servizo, a orientación profesional que o sistema de emprego teña despregado no territorio.
- Impulsarán liñas de proxectos de innovación e experimentación para a mellora dos modelos de prestación da orientación profesional, en particular os centrados no colectivo de persoas mozas que abandonan o sistema educativo sen titulación profesionalizante e transitan ao mercado laboral sen cualificación, para a súa recaptación para a formación.
- Arbitrarán os mecanismos para o funcionamento dun sistema de información actualizado e dinámico sobre formación profesional e mercado laboral, así como o uso de plataformas dixitais que faciliten a orientación profesional, co fin de ofrecer un recurso de información e orientación profesional accesible aos centros, profesionais, persoas potencialmente usuarias e empresas.
- Promoverán accións a nivel estatal, autonómico e local que potencien e optimicen a cualificación da cidadanía.

3.7 Seguimento e avaliación do servizo de orientación profesional

As administracións competentes preverán os mecanismos oportunos para a recollida sistemática de datos, que incluírán, polo menos, o número de persoas atendidas, e que deberán trasladar ao Ministerio de Educación e Formación Profesional para a elaboración de memorias e informes técnicos, recomendacións e ferramentas que permitan o seguimento e avaliación xeral do modelo no conxunto do Estado, en base a criterios de eficacia, utilidade e resultados (artigo 195.1).

O Ministerio de Educación e Formación Profesional incluírá no informe de estado do Sistema de Formación Profesional os datos e, no seu caso, propostas de mellora na prestación, na formación e desenvolvemento profesional dos e as profesionais, ou no deseño e desenvolvemento de metodoloxías innovadoras que repercutan na calidade e impacto da orientación na Formación Profesional (artigo 195.1).

4 Fases do procedemento. Efectos das acreditacións obtidas

4.1 Fases previas á instrución do procedemento

I. Información e orientación.

O procedemento contemplará unha fase previa de orientación profesional nos termos indicados no apartado 3 deste tema.

II. Inscripción (artigo 182).

A inscrición para a participación no procedemento deberá formalizarse nos lugares ou polos medios electrónicos que determinen as administracións competentes. Todos os centros do Sistema de Formación Profesional e os centros de educación para persoas adultas deberán estar en condicións de atender as inscricións no procedemento por vía electrónica ou, no seu caso, facilitar información detallada e asistencia sobre como proceder.

A solicitude irá acompañada do historial persoal e/ou formativo.

4.2 Fases da instrución do procedemento

A instrución do procedemento constará consecutivamente das fases de (artigo 183.1):

- Asesoramento.
- Avaliación.
- Acreditación e rexistro da competencia profesional.

Os perfís profesionais interviñentes de maneira previa e durante o procedemento serán os de orientador ou orientadora, asesor ou asesora e avaliador ou avaliadora.

I. Fase de asesoramento (artigo 184).

A fase de asesoramento será **obrigatoria** e poderá realizarse de maneira individual ou colectiva, presencial ou a través de medios telemáticos, en función das necesidades das persoas candidatas.

O asesor ou asesora, cando se considere necesario, citará ao ou á aspirante para axudarlle, no seu caso, a autoavaliar a súa competencia, completar o seu historial persoal e/ou formativo ou a presentar evidencias que o xustifiquen.

O asesor ou asesora, atendendo á documentación achegada, realizará un informe favorable ou desfavorable asinado e non vinculante, e trasladarao á persoa responsable da fase de avaliación. En caso de informe desfavorable, indicaráselle ao candidato ou candidata a formación complementaria que debería realizar e os centros onde podería recibila.

II. Fase de avaliación (artigo 185).

A fase de avaliación terá por obxecto comprobar se o ou a aspirante conta coa competencia profesional cos indicadores de calidade requirida. A avaliación realizarase analizando o informe do asesor ou asesora, a documentación achegada polo candidato candidata e, naqueles casos en que fose necesario, solicitaranse evidencias complementarias, de forma presencial ou a través de medios electrónicos, do tipo entrevista, observación no posto de traballo, simulacións, ou calquera outra forma práctica de comprobación.

O resultado da avaliación de cada estándar de competencia rexistrarase expresado en termos de “**demostrado**” ou “**non demostrado**” e quedará contrastado ou asinado pola persoa aspirante e o avaliador ou avaliadora. Contra o resultado poderá realizarse reclamación ante a comisión de avaliación e, no seu caso, recurso de alzada ante a Administración competente.

III. Fase de acreditación e rexistro (artigo 186).

A fase de acreditación e rexistro da competencia profesional consistirá en:

- A expedición dunha acreditación de cada un dos estándares de competencia nos que demostrasen a súa competencia profesional. A dita acreditación axustarase ao modelo establecido no anexo XVIII do RDSFP.
- Un informe de orientación sobre as ofertas de formación profesional e, en consecuencia, as titulacións ou certificados, que podería obter de maneira total ou parcial.

A Administración competente rexistrará as acreditacións no Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral ou vías non Formais e Informais. O Ministerio de Educación e Formación Profesional será o responsable deste rexistro, que estará dispoñible para a súa interoperabilidade co resto de Rexistros do Sistema de Formación Profesional, así como con outros rexistros oficiais que puidesen requirir os ficheiros do mesmo.

Cando, a través deste procedemento, a persoa candidata complete total ou parcialmente os estándares de competencia incluídos nunha oferta do Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional, a Administración competente indicarlle os trámites necesarios ben para a súa obtención ben para a convalidación

ou exención dos módulos profesionais asociados aos estándares de competencia superados mediante o procedemento.

O expediente de todo o proceso, no que se recollerán todos os rexistros e resultados producidos ao longo do procedemento, será custodiado pola Administración competente.

IV. Lugares de desenvolvemento do procedemento (artigo 188).

Todos os centros públicos que imparten ofertas do Sistema de Formación Profesional e os centros de referencia nacional poderán ser autorizados para desenvolver as distintas fases do procedemento por parte da Administración competente, nos termos establecidos no RDSFP. A estes efectos, os centros determinados ao efecto contarán coa figura de responsable coordinador do procedemento de acreditación de competencias profesionais no centro, en caso de non dispor dun departamento de orientación profesional ao efecto, nos termos recollidos no artigo 166.

Os centros privados do Sistema de Formación Profesional, estean ou non sostidos con fondos públicos, poderán ser autorizados pola Administración competente en cada ámbito territorial para desenvolver as distintas fases.

No caso de procedementos promovidos pola empresa e cando os asesores e avaliadores sexan en parte provistos por ela, a Administración poderá acordar a realización do procedemento nas sedes da mesma.

4.3 Efectos das acreditacións obtidas

As acreditacións que se obteñan por este procedemento poderán ser utilizadas, no marco do Sistema de Formación Profesional, para continuar itinerarios formativos conducentes a unha maior cualificación, así como para acreditar no mercado laboral as habilidades e competencias profesionais de que se dispón (artigo 176 do RDSFP).

5 Organización do procedemento

I. Promoción e difusión do procedemento (artigo 178).

As administracións competentes deseñarán, conxuntamente coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como con asociacións sectoriais representativas, plans estratéxicos anuais para promover e fomentar a acreditación de competencias profesionais entre a súa poboación activa **ata que, polo menos, o 80 % da mesma** conte coas súas competencias profesionais acreditadas.

As administracións competentes, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como con outras organizacións vinculadas ao tecido económico e social, porán en marcha iniciativas que garantan a máxima difusión do procedemento. A información e difusión do procedemento será



obligatoria, polo menos, nos centros do Sistema de Formación Profesional e os centros de educación para persoas adultas.

II. Organización do procedemento (artigo 179).

A unidade de recoñecemento de competencias profesionais neste procedemento é o estándar de competencia profesional, descrito nos termos do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

Este procedemento permanente estará referido, polo menos, á totalidade dos estándares de competencia profesional incluídos na oferta existente de Formación Profesional de cada comunidade autónoma vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

No caso daqueles estándares non incluídos na oferta formativa dunha comunidade autónoma, o Ministerio de Educación e Formación Profesional terá a obrigaón de manter un procedemento aberto para estes estándares de competencia.

Así mesmo, a petición das organizacións sindicais e empresariais máis representativas ou das administracións competentes, o Ministerio de Educación e Formación Profesional poderá realizar procedementos de acreditación de competencias profesionais destinados a colectivos específicos ou establecer acordos con entidades representativas para dar resposta tanto ás necesidades de determinados sectores produtivos e de colectivos con especiais dificultades de inserción e/ou integración laboral.

As administracións competentes garantirán, en cada ámbito territorial, a participación no procedemento das organizacións empresariais e sindicais máis representativas en cada territorio, así como organizacións representativas da economía social.

As administracións competentes poderán planificar, de maneira coordinada coas empresas, procesos de acreditación de competencias profesionais con carácter masivo para o seu persoal, asociados a plans de formación complementarios definidos pola empresa. Neste caso, as administracións flexibilizarán os procesos de asesoramento e avaliación, podendo desenvolverse nos espazos propios da empresa e incorporando aos cadros profesionais da mesma como asesores, asesoras, avaliadores e avaliadoras no procedemento.

As administracións competentes garantirán o cumprimento da lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, especialmente, das persoas con discapacidade. A tal fin as persoas que desexen participar no procedemento disporán dos medios e recursos que se precisen para acceder e participar no mesmo.



As administracións competentes preverán os mecanismos oportunos para a recollida sistemática de datos que deberán trasladar ao Ministerio de Educación e Formación Profesional para a elaboración de memorias e informes técnicos, recomendacións e ferramentas que permitan o seguimento e avaliación xeral do modelo no conxunto do Estado.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional incluírá no seu informe de estado do Sistema de Formación Profesional os datos e, no seu caso, propostas de mellora para os distintos aspectos do procedemento.

As administracións competentes garantirán o inicio do procedemento para cada persoa de acordo cos prazos previstos para a resolución do mesmo no artigo 92 da LOFP, e en aplicación, á súa vez, do previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo máximo para resolver será de 6 meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro electrónico da Administración competente para a súa tramitación a efectos do previsto no artigo 149 do RDSFP.

En cada ámbito territorial, as administracións responsables do procedemento nomearán unha ou varias comisións de avaliación por familia profesional, cunha composición non superior a 3 persoas, que dirimirá en caso de reclamacións. A presidencia da comisión será a responsable dos traballos, a súa transparencia e obxectividade e recaerá nunha persoa empregada pública da Administración que ostente a condición de funcionario público, preferentemente con experiencia mínima de 2 anos en funcións de asesoramento ou avaliación neste procedemento.

Así mesmo, asignarán a cada aspirante unha persoa asesora e outra avaliadora, que serán os responsables do seu procedemento.

III. Xestión do procedemento (artigo 180).

As administracións competentes, no ámbito territorial ou de xestión correspondente, realizarán as seguintes funcións:

- Planificar, dirixir e coordinar a xestión do procedemento, impulsando o desenvolvemento e a calidade do mesmo, en coordinación con outras administracións que puidesen contribuír aos fins e obxectivos do procedemento.
- Facilitar á Administración Xeral do Estado os datos necesarios para o seguimento e avaliación do procedemento, nos termos establecidos na LOFP.
- Manter un rexistro de persoas asesoras e avaliadoras, e sinalalas para cada solicitude, así como, no seu caso, as comisións de avaliación e ditar as instrucións que orientarán as súas actuacións.



- Determinar as sedes para a realización das distintas fases do procedemento.
- Planificar e xestionar a formación das persoas asesoras e avaliadoras que deban realizar o curso de formación.
- Establecer un plan de calidade de todo o proceso no seu ámbito de competencia.
- Gardar e custodiar a documentación que se xere por cada persoa candidata durante o desenvolvemento do procedemento.
- Acreditar os estándares de competencia profesional aos candidatos e candidatas que superasen o procedemento de avaliación.
- Rexistrar as acreditacións expedidas.

6 Funcións e requisitos das persoas que participen no procedemento como asesoras e como avaliadoras

Poderán exercer, indistintamente, as funcións de asesoramento e avaliación (artigo 187.1):

- O profesorado de formación profesional e formadores e formadoras de formación profesional, que acrediten indistintamente:
 - Polo menos 4 anos de experiencia docente impartindo módulos profesionais da familia profesional na que se encadra o proceso de acreditación.
 - Polo menos, 2 anos de experiencia docente impartindo módulos profesionais da familia profesional na que se encadra o proceso de acreditación e, polo menos, 2 anos de experiencia laboral no sector produtivo en que se encadra o obxecto de acreditación.

Estes profesionais estarán exentos da realización do curso específico de formación, que terá carácter meramente voluntario e considéranse de oficio habilitados para exercer as funcións de asesoramento e avaliación.

- Os e as profesionais expertos no sector produtivo e nas familias profesionais en que se encadran os estándares de competencia obxecto de acreditación, que acrediten unha experiencia laboral no devandito sector de, polo menos, 4 anos. Estes e estas profesionais deberán superar un curso de formación específica organizado ou supervisado polas administracións competentes.

Non se poderá asumir o asesoramento e a avaliación dunha persoa aspirante por parte dunha única persoa (artigo 187.2).

Os **asesores e asesoras** terán as seguintes funcións (artigo 187.3):

- Asesorar ao candidato ou candidata no desenvolvemento do historial profesional e formativo presentado e na cumprimentación do cuestionario de autoavaliación.
- Analizar o historial presentado e informar ao avaliador ou avaliadora sobre as competencias profesionais que considera suficientemente xustificadas.
- Documentar o proceso de asesoramento para o seguimento, control e aseguramento da calidade.
- Colaborar coa persoa avaliadora e, no seu caso, coas comisións de avaliación cando así lles sexa requirido.

Os **avaliadores e avaliadoras** terán as seguintes funcións (artigo 187.4):

- Revisar o expediente do solicitante e valorar a necesidade ou non de contar con máis evidencias respecto da súa competencia profesional.
- Realizar as actividades complementarias consideradas necesarias e rexistrar as súas actuacións nos documentos normalizados.
- Resolver as incidencias que poidan producirse.
- Documentar o proceso de avaliación para o seguimento, control e aseguramento da calidade.
- Informar á persoa candidata dos resultados da avaliación, así como sobre as oportunidades para completar a súa formación e obter unha titulación do Sistema de Formación Profesional.

Os e as responsables do asesoramento, a avaliación, así como a comisión de avaliación poderán percibir as compensacións económicas que regulamentariamente estableza a Administración convocante en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. Cando a convocatoria a realice o Ministerio de Educación e Formación Profesional, as compensacións rexeranse polo disposto na normativa reguladora sobre indemnizacións por razón do servizo (artigo 187.5).



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN